

Subvencions concedidas no 2018 polo Parlamento de Galicia

Nº	ENTIDADE	SUBVENCIONS 2018	
		CONCEDIDO	TOTAL XUSTIFICADO
Subvencions a entidades de carácter social		9.000,00	9.000,00
1	ASOCIACION XOAN XXIII	4.000,00	4.000,00
2	ASOCIACION DE FIBROMIALXIA E FATIGA CRONICA	2.000,00	2.000,00
3	ASOCIACION DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	3.000,00	3.000,00
Subvencions a outras Entidades		27.178,43	27.178,43
4	MUSEO DO POBO GALEGO (Convenio)	12.326,11	12.326,11
5	SUBVENCION I.L.P. (Enerxia Eléctrica)	6.000,00	6.000,00
6	SUBVENCION I.L.P. (Corresponsabilidade parental)	5.316,32	5.316,32
7	AGRUPACION CORAL DE RUADA	3.536,00	3.536,00
TOTAL		36.178,43	36.178,43

NOTA: Esta relación non inclúe as subvencions concedidas aos grupos parlamentarios que están publicadas no portal de transparencia do Parlamento de Galicia nun apartado específico.

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 24/06/2018 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da **ASOCIACIÓN JUAN XXIII** (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E0102), á sazón D.Magin A.Froiz Planes, para acadar cofinanciamento para a actividade do **Programa de “Vacacións e Rexistros familiares 2018”** cun custe que indican de 5.000,00€ para o período que vai do 25 ao 29 de xuño e do 02 ao 06 de xullo de 2018

A entidade completa a documentación con:

- Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante
- memoria explicativa da actividade concreta e orzamento total e da actividade.
- Declaración da non solicitude nin obtención para esta actividade concreta doutras achegas.
- Declaración de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia

Constan asemade os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expediuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior o 19/07/2018, na que verificase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Emitido informe pola Intervención á vista do expediente o día 19/07/2018.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período sinalado, cun máximo de 4.000€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables, quere participar activamente no desenvolvemento deste proxecto.

Existen razóns de interese social na concesión de subvención a esta entidade constituída no ano 1968 para nenos con discapacidade, sendo adaptados os seus estatutos á nova normativa en 2004. Partindo do fins xerais da entidade detallados no artigo 2 dos seus estatutos como son, entre outros, o de fomentar o desenvolvemento integral das persoas con discapacidade nas súas distintas vertentes, o apoiar ás familias para mellorar as condicións de vida das persoas con discapacidade intelectual, facilitar e promover a súa integración social...

Este programa trata de ser un recurso específico e estruturado que xestiona apoios profesionais orientados á realización de actividades na contorna de persoas con discapacidade intelectual usuarias dos centros de adultos da entidade, desenvolvendo unha alternativa de lecer saudable, e dando así a posibilidade ás familias de dispor dun tempo de dedicación a outras necesidades mentres o familiar con discapacidade esta nos campamentos.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación que se pretende subvencionar que se desenvolve no exercizo 2018, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os gastos da actividade proposta pola entidade: **“Vacacións e Rexistros familiares 2018”**

Son gastos financiados os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables.

Concretamente, segundo a proxección achegada aquí consistiran en: gastos do aloxamento e manutención dos beneficiarios e monitores responsables en réxime de pensión completa nos campings de Punta Batuda (Porto do Son) e Ría de Arousa (Pobra do Caramiñal) ” así como os desprazamentos e transporte en furgonetas da entidade (combustible).

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 4.000€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade haberá de xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos uns 5.000,00€).

De resultar finalmente inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade comprométese a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia segundo consta na documentación.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 15/09/2018 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)
 - certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada
 - certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social
 - acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedera e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que estan subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.481.02 do estado de gastos do exercizo 2018. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que o **prazo para presentar a xustificación remata o 15/09/2018** e trasladarlllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida a **ASOCIACIÓN JUAN XXIII**

Por Resolución da Presidencia do 20/07/2018, concedeuse unha subvención por un máximo de 4.000 euros a **ASOCIACIÓN JUAN XXIII**, CIF G-36.012.128, para acadar o cofinanciamento para o **Programa de “Vacacións e Rexistros familiares 2018”** cun custe estimado de 5.000,00€ para o período que vai do 25 ao 29 de xuño e do 02 ao 06 de xullo de 2018. A subvención financiaría ata o 80% dos gastos do proxecto.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total acreditado supera os 5.000€.

Fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 16/11/2018.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 4.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, a 16 de novembro de 2018.

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 05/11/2018 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da **ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA E SINDROME DE FATIGA CRONICA** (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E1815), á sazón D.^a Mariña Añel Murga, para acadar cofinanciamento para o *proxecto de atención psico-social e rehabilitador a persoas con fibromialxia e síndrome de fatiga crónica e familiares e sensibilización* levado a cabo dende principios de 2018, para subvencionar parte dos custes do traballador social que desenvolve a parte esencial do proxecto.

A entidade completa a documentación con:

- Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante
- memoria explicativa da actividade concreta e orzamento total e da actividade.
- Declaración da obtención para esta actividade concreta doutras achegas. concretamente 8.562,19€ do Concello de Ourense e 2.500€ da Deputación de Ourense.
- Declaración de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Constan asemade os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expedíuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 "Subvencións a entidades de carácter social"

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior o 03/12/2018, na que verifícase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Emitido informe pola Intervención á vista do expediente o día 03/12/2018.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período 2018, cun máximo de 2.000€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente

dos colectivos máis vulnerables, quere participar activamente no desenvolvemento deste proxecto.

Existen razóns de interese social na concesión de subvención a esta entidade constituída no ano 2003 para ofrecer terapias físico rehabilitadoras e a atencións psico-social ás persoas afectadas por estas patoloxías de causa descoñecida, crónica e sen cura na medicina actual con efectos invalidantes para o traballo e as tarefas cotiás con especial incidencia no sexo feminino, sendo a única entidade nesta materia na provincia.

Partindo do fins xerais da entidade detallados no artigo 2 dos seus estatutos como son, entre outros, o de facilitar información aos afectados sobre esta enfermidade e colaborar cos enfermos na normalización do seu ritmo de vida, este programa trata de ser un recurso específico e estruturado que xestiona apoios profesionais, como é o servizo de atención social base do proxecto, que mediante a figura do traballador social presta asesoramento sobre os recursos e axudas dirixidos a paliar os efectos da enfermidade e mellorar o seu estado anímico. Asemade o traballador social coordina a sensibilización e concienciación sobor destas patoloxías, a través de campañas divulgativas, o que comulga con outro dos fins da entidade.

Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese social que dificultan a convocatoria pública da subvención.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, sendo a primeira vez que se pretende subvencionar, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar parte dos gastos da actividade desenvolta pola entidade ao longo deste ano 2018 *"proxecto de atención psico-social e rehabilitador a persoas con fibromialxia e síndrome de fatiga crónica e familiares e sensibilización"*

Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos de non ser que non sexan deducibles ou compensables.

Concretamente, segundo indica a solicitude serían os custes laborais e sociais do traballador social que desenvolve parte esencial dese proxecto.

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, ao abeiro do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 2.000€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade haberá de xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos, 2.500,00€).

De resultar, finalmente, inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade deberá dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 15/12/2018 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos, nóminas, TCs, así como a acreditación do abono daqueles mediante extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)

De ser cofinanciado o mesmo gasto por varias entidades, a conta xustificativa conterá a relación dos custes imputables a cada unha durante todo o período 2018.

- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social
- acreditación da publicidade do financiamento polo Parlamento de Galicia do programa (medios de difusión, web, fotografías...)
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención
- Declaración de ter deducible ou non o ivo nesos gastos.

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade e demais documentación a xuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercizo 2018. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que o **prazo para presentar a xustificación remata o 15/12/2018** e trasladar-lo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2018

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida a ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA E SINDROME DE FATIGA CRONICA

Por Resolución da Presidencia do 03/12/2018, concedeuse unha subvención por un máximo de 2.000 euros á **ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA E SINDROME DE FATIGA CRONICA** (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E1815), á sazón D.^a Mariña Añel Murga, para acadar cofinanciamento para o *proxecto de atención psico-social e rehabilitador a persoas con fibromialxia e síndrome de fatiga crónica e familiares e sensibilización* levado a cabo dende principios de 2018, para subvencionar parte dos custes do traballador social que desenvolve a parte esencial do proxecto. A subvención financiaría ata o 80% dos gastos do proxecto.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total acreditado supera os 2.500,00€.

Fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 13/12/2018.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, **RESOLVO:**

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 2.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, a 13 de decembro de 2018.

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 28/11/2018 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da **ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL** (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E0059), á sazón D. Daniel Varela Lago, para acadar cofinanciamento para o programa de RADIO APAMPDA levado a cabo dende principios de 2018, para subvencionar parte dos custos.

A entidade completa a documentación con:

- Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante
- memoria explicativa da actividade concreta e orzamento total e da actividade.
- Declaración da non obtención de axuda ningunha e compromiso de comunicalo de ser o caso.
- Declaración de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición da Lei 38/2003 nin da lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Constan asemade os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expediuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 "Subvencións a entidades de carácter social"

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior o 03/12/2018, na que verificase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Emitido informe pola Intervención á vista do expediente o día 03/12/2018.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período 2018, cun máximo de 3.000€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables, quere participar activamente no desenvolvemento deste proxecto.

Existen razóns de interese social na concesión de subvención a esta entidade constituída no ano 1994 para ofrecer a nivel autonómico apoios ás persoas con parálise cerebral que deste xeito teñen a oportunidade para participar activamente na sociedade e obter autonomía. De



feito a asociación conta con un centro de día, un centro ocupacional, unha ludoteca de integración, unha residencia de atención integral e unha vivenda tutelada para estas persoas.

Partindo do fins xerais da entidade detallados nos seus estatutos, a actividade para a que se solicita subvención resposta a un método de estimulación e inclusión social a través dunha emisión radiofónica, que permite a súa participación, comunicación e relación e que promove o coñecemento dixital e supón o achegamento á sociedade. Acreditan un programa de desenvolvemento anual no que 13 adultos con parálise cerebral forman parte do equipo.

Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese social que dificultan a convocatoria pública da subvención.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, sendo a primeira vez que esta asociación obtería unha subvención desta institución, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar parte dos gastos derivados do programa de Radio ao longo deste ano 2018.

Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos de non ser que non sexan deducibles ou compensables.

Concretamente, gastos de persoal/empresa e outros gastos correntes que implica en proporción (teléfono, gas,luz...)

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, ao abeiro do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 3.000€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade haberá de xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos, 3.750,00€).

De resultar finalmente un custo da actividade inferior, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade deberá dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarase no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 15/12/2018 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada da relación dos gastos xunto ás facturas e outros documentos xustificativos. Asemade aportará a acreditación do abono daqueles mediante extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)

De ser cofinanciado o mesmo gasto por varias entidades, a conta xustificativa conterà a relación dos custes imputables a cada unha durante todo o período 2018.

- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social
- acreditación da publicidade do financiamento polo Parlamento de Galicia do programa (medios de difusión, web, fotografías...)
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención
- Declaración de ter deducible ou non o ive neses gastos.

Unha vez presentada, en tempo e forma, a conta xustificativa pola entidade e demais documentación a achegar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que estan subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercicio 2018. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que o **prazo para presentar a xustificación remata o 15/12/2018** e trasladarillo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2018

O Presidente



Miguel A. Santalices Veira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida a **ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL**

Por Resolución da Presidencia do 03/12/2018, concedeuse unha subvención por un máximo de 3.000 euros á **ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL** (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E0059), á sazón D. Daniel Varela Lago, para acadar cofinanciamento para o programa de RADIO APAMPDA levado a cabo dende principios de 2018, para subvencionar parte dos custos. A subvención financiaría ata o 80% dos gastos do proxecto.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total acreditado supera os 3.750,00€.

Fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 19/12/2018.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 3.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, a 19 de decembro de 2018.

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira



PARLAMENTO DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E O MUSEO DO POBO GALEGO.

No pazo do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, a dezaoito de xullo de 1995,

COMPARECEN

Dunha parte, o **Excmo. Sr. D. Victorino NÚÑEZ RODRIGUEZ**, en nome e representación do Parlamento de Galicia, que ostenta de conformidade co previsto no artigo 31.1 do Regulamento da Cámara;

E da outra, **don Antonio FRAGUAS e FRAGUAS**, maior de idade, casado, con domicilio na rúa de Montero Ríos, número 36 de esta cidade, quen intervén en nome e representación do Patronato do Museo do Pobo Galego, que ostenta de conformidade co previsto no artigo número 15, b dos seus vixentes Estatutos legalmente aprobados.

Ámbolos comparecentes recoñecense mutuamente a capacidade legal suficiente para intervir neste acto e acordalo presente convenio de colaboración nos termos que a continuación se estipulan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a data da súa fundación, no ano 1963, o Museo do Pobo Galego foi acadando un posto relevante entre as institucións galegas que se adican ó estudio, investigación e divulgación da cultura galega e dos valores culturais do pobo galego. Durante estes anos, o Museo enriqueceu a cultura galega con importantes achádegos e con unha experiencia científica e cultural recoñecida. A riqueza, por exemplo, dos fondos bibliotecarios e documentais do Museo sobre cultura galega xustifican xa por si mesmo calquera desexo de colaboración.

O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego poden establecer proveitosas relacións culturais, orientadas non soamente ó mellor servizo ó pobo galego, do que o Parlamento é a súa máxima representación, senón tamén na medida en que as mesmas necesidades da Cámara poden resolverse en moitos casos, relacionados coa cultura galega, dun xeito máis efectivo e máis entrañable mediante unha axeitada relación.

Estes vencellos, intensifícanse, ademais, polo feito de que, coa data do 28 de maio de 1994, o Patronato do Museo do Pobo Galego considerou que o

A. Fraguas



[Firma]



PARLAMENTO DE GALICIA

Parlamento de Galicia debía ter no mesmo a súa representación institucional, feito que a Mesa do Parlamento aceptou con satisfacción na súa reunión do 22 de xuño de 1994, acordando, concretamente, que a súa representación fóra por delegación e, a ser posible, de xeito rotatorio.

Por eso, os comparecentes, de acordo cos mandatos legais que lle corresponden, de conformidade coas normas ou estatutos que os rexen,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego, representados respectivamente polos comparecentes, acordan establecer un convenio de colaboración de acordo coas cláusulas que a continuación se estipulan.

SEGUNDO.- O Museo do Pobo Galego comprométese formalmente a prestar aquel asesoramento que, dentro de acordo coas súas funcións, precise a Cámara e os seus membros para o desenvolvemento das súas funcións, de acordo coas necesidades expresadas pola presidencia ou pola Mesa do Parlamento.

TERCEIRO.- Entre o Museo do Pobo Galego e o Parlamento de Galicia establécese un acordo de relación interbibliotecaria, nos termos normais neste tipo de relacións, establecendo aquelas formas de préstamo usuais, con exclusión de aqueles fondos que cada unha das institucións fixe nunhas normas complementarias.

CUARTO.- O Museo do Pobo Galego poderá depositar no Parlamento de Galicia aquelas obras de interese cultural nas vitrinas e dependencias do Parlamento de Galicia, mediante acordo mutuo das respectivas necesidades e posibilidades.

QUINTO.- O Museo do Pobo Galego poderá realizar nas súas dependencias exposicións e actos nos que participe o Parlamento de Galicia mediante unha programación adecuada e previa a súa conformidade. Recíprocamente, o Parlamento de Galicia poderá contar cos medios dispoñibles a tales efectos polo Museo do Pobo Galego, para a programación dos seus propios actos e sempre contando coa conformidade daquel.

SEXTO.- Para o desenvolvemento máis eficaz e satisfactorio dos fins xerais da colaboración co Museo do Pobo Galego, o Parlamento de Galicia aportará para o ano en curso a cantidade de un millón de pesetas, a percibir despois da firma do presente convenio. En anos sucesivos, de seguir manténdose a colaboración, poderá renovarse por acordo presidencial, sen necesidade de aprobación de un novo convenio, entendéndose, polo tanto, prorrogado o presente polo feito da entrega da asignación devandita.

A. Fraqueza



[Firma]



PARLAMENTO DE GALICIA


SÉTIMO.- A cantidade asignada polo Parlamento de Galicia terá o carácter de aportación voluntaria e para cada ano, sen que sobre o seu devengo se poida imponer condición algunha nin se adquirira ningún dereito para o sucesivo nin prórroga tácita, polo que a outra parte non poderá reclamar cantidade algunha nin intereses ou calquera outra cantidade polo feito de retrasos na entrega ou simplemente polo non pago no sucesivo.

OITAVO.- O incumprimento do presente convenio ou dalgunha das súas cláusulas poderá ser causa de resolución.

En proba de conformidade, previa lectura do acordado neste acto, os comparecentes asinan o presente Convenio de Colaboración no nome do Parlamento de Galicia e do Museo do Pobo Galego, respectivamente, no lugar e data indicados.

O presidente
do Parlamento de Galicia

O presidente do Museo
do Pobo Galego



20 XULL. 2016

Núm. 22840

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 4.º-COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

A) COMUNICACIÓNS

Comunicacións de Entidades

-52094 Escrito do presidente da Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego, polo que solicita a revisión polo Parlamento de Galicia da súa contribución económica para o funcionamento da referida entidade

O Parlamento de Galicia ven efectuando unha achega como membro do Padroado ao Museo do Pobo Galego en virtude dun Convenio de colaboración asinado o 18/07/1995. Actualmente a achega resulta do acordo da Mesa do PG adoptado o 18/09/2016 que a fixou en 9.000€ actualizada conforme ao IPC nos exercicios seguintes, de xeito que a no exercicio anterior abonoúselles 10.743,12€, sendo a suba para este ano dun 0%.

Examinada a petición do Presidente da Xunta Reitora presentada o 15/07/2016 sobre a revisión á alza da contribución económica.

Téndose recibido a documentación das contas anuais que se remite sobre estas datas.

Sendo incuestionable o significado do Museo do Pobo Galego e a labor que realiza en defensa da cultura galega en todos os seus ámbitos, sobre todo, cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos do patrimonio histórico antropolóxico de Galicia, estímase que cómpre atender a petición.

Verificada a existencia de crédito na partida orzamentaria á que se imputa do orzamento de gastos.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- O incremento da achega do PG ao Museo do Pobo Galego ao abeiro dos termos do devandito convenio de 12.000€, que será actualizada conforme ao IPC nos vindeiros exercicios.

Segundo.- Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos do Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego
Intervención e Asuntos Económicos



Parlamento de Galicia e á Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.^a

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, Vicepresidenta 1.^a na data 18/07/2016 13:28:19

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a documentación e a solicitude presentada polo Museo do Pobo Galego, e en virtude do convenio de colaboración asinado entre o Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego de 18 de xullo de 1995 e o acordo da Mesa do Parlamento do 18/07/2016 que actualiza o importe da aportación e establece a súa actualización no IPC para vindeiros exercicios, esta presidencia RESOLVE:


Que se lle aboe ao Museo do Pobo Galego a cantidade de 12.326,11 euros que se corresponde co aboado no ano 2017 actualizado no 1,1% polo IPC general anual.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

A presidencia



Miguel Ángel Santalices Vieira



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Asuntos económicos e contratación

Resarcimento de gastos derivados da Proposición de lei de iniciativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética

Examínase a proposta da Presidencia da Cámara na que se indica que 15/12/2017 (RXE n° 21567) presentouse solicitude de resarcimento de gastos pola Confederación Intersindical Galega solicitando o resarcimento de gastos relativos á proposición de lei da iniciativa popular sobre medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

A Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá, dispón no seu artigo 14 e 16.2.e) que o Parlamento de Galicia resarcirá á comisión promotora das iniciativas respecto dos gastos debidamente acreditados con facturas e xustificantes de pagamento, sempre que sexa tomada en consideración polo Parlamento de Galicia, e conforme ao establecido na normativa vixente en materia de subvencións. O importe a aboar será ata un máximo de 0,64€ por sinatura válida cun límite máximo segundo se trate de proposición de lei (6.000€) ou proposición non de lei (1.500€). Esta cifra será revisada pola Mesa do Parlamento segundo as variacións do IPC.

As sinaturas válidas foron superiores ao número esixido (10.000 para proposición de lei e 2.500 para a proposición non de lei) segundo certificado da Xunta Electoral de Galicia en sesión do 04/11/2015.

A proposición de lei tomouse en consideración en sesión do Pleno do 26/01/2016.

Visto que a comisión promotora estaba integrada por persoas físicas, solicitouse a acreditación da cesión dos dereitos de abono por parte de cada un dos 12 membros a favor da CIG, entidade respecto da cal se emitiron as facturas. O escrito de cesión consta no expediente.

A entidade relaciona diferentes gastos, mais os que resultan imputables son: os facturados por Carlos Martínez Publicidade S.L. de papelería, dípticos, etc. para a difusión da ILP

Intervención e Asuntos Económicos

por importe de 1.779,75€ (iva engadido) e 4.225,76€ correspondente aos desprazamentos realizados por Ramiro Oubiña Parracho e Xesús Eladio Seixo Fernández, aboados todos por transferencia. Suman un importe superior ao máximo resarcible de 6.000.00€.

Asemade achegaron os certificados de estar ao corrente das abrigas tributarias coa AEAT e coa Facenda autonómica, así como de estar ao día coa Seguridade Social, todos eles vixentes cara o cumprimento do estipulado no artigo 34.5º da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

A Intervención xeral emitiu o 07/05/2018 informe favorable de fiscalización, ao abeiro do Ditame da Avogacía Xeral do Estado emitido o 19/06/2003 nun caso semellante de execución de gastos por un terceiro, cara a reintegrarlle –con carácter excepcional– á CIG o importe de 6.000,00€, tendo en conta que se trata dunha subvención de concesión directa do artigo 22.b) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, con cargo á partida orzamentaria 01.01.1118.481.04 “subvencións de iniciativa legislativa popular” do estado de gastos do exercicio 2018.

Polo exposto, ao abeiro do artigo 3.2 g) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, sométese á Mesa do Parlamento que autorice, dispoña, aprobe e ordene o pago do resarcimento de gastos por importe de 6.000,00€ á Confederación Intersindical Galega, con CIF G-36706927, vinculados á dita proposición de lei.

Visto o informe favorable da Intervención da Cámara.


A Mesa, ao abeiro do disposto no art. 14 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá e no art. 3.2.g) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Autorizar, dispoñer, aprobar e ordear o pagamento do resarcimento de gastos por importe de 6.000,00€ á Confederación Intersindical Galega, con CIF G-36706927, orixinados pola Proposición de lei de iniciativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

2.º) Notificarlles este acordo á representación da Comisión Promotora e á organización sindical Confederación Intersindical Galega.

3.º) Comunicarlle este acordo á Intervención e Asuntos Económicos.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Mesa do Parlamento no prazo **dun mes** a contar desde o día



seguinte á data desta notificación ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de **dous meses** desde a subliñada data.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Asinado dixitalmente por:

**Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 16/05/2018
09:31:59**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3. Administración do Parlamento

3.1. Asuntos económicos e contratación

3.1.2. Resarcimento de gastos de proposicións de lei e non de lei de iniciativa popular

Resarcimento de gastos derivados da Proposición de lei de iniciativa popular sobre corresponsabilidade parental e relacións familiares no cese da convivencia

Examínase a proposta da Presidencia da Cámara na que se indica que o 13 de febreiro de 2018 (doc. núm. 26079) a Asociación Galega de Pais e Nais Separados solicitou o resarcimento de gastos relativos á Proposición de lei da iniciativa popular sobre corresponsabilidade parental e relacións familiares no cese da convivencia.

A Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá dispón nos seus artigos 14 e 16.2.e) que o Parlamento de Galicia resarcirá á comisión promotora das iniciativas respecto dos gastos debidamente acreditados con facturas e xustificantes de pagamento, sempre que sexa tomada en consideración polo Parlamento de Galicia, e conforme ao establecido na normativa vixente en materia de subvencións. O importe a aboar será ata un máximo de 0,64€ por sinatura válida cun límite máximo segundo se trate de proposición de lei (6.000€) ou proposición non de lei (1.500€).

As sinaturas válidas foron superiores ao número esixido (10.000 para proposición de lei e 2.500 para a proposición non de lei) segundo certifica a Xunta Electoral de Galicia en sesión do 04/11/2015.

A proposición de lei tomouse en consideración en sesión do Pleno do 17/10/2017.

Estando a comisión promotora integrada por persoas físicas, requíriuselle a acreditación da cesión dos dereitos de abono por parte de cada un dos seus 13 membros a favor da AGPNS, entidade respecto da cal se emitiron as facturas. O escrito de cesión consta no expediente.

A entidade relaciona diferentes gastos sendo imputables por estar debidamente acreditados: os de papelería, material de oficina, imprenta, envíos postais, auxilio técnico para a difusión da ILP por importe total de 2.530,39€ así como 2.785,93€ correspondente aos desprazamentos realizados. Suman un importe de 5.316,32€.

Asemade achegaron os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e coa Facenda autonómica, ambos vixentes cara o cumprimento do estipulado no

artigo 34.5º da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e acreditación de non ter débedas coa Seguridade Social.

A Intervención emitiu o 14/06/2018 informe favorable de fiscalización, ao abeiro do Ditame da Avogacía Xeral do Estado emitido o 19/06/2003 nun caso semellante de execución de gastos por un terceiro, cara a reintegrarlle – con carácter excepcional- á AGPNS o importe xustificado, tendo en conta que se trata dunha subvención de concesión directa do artigo 22.b) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.04 “subvencións de iniciativa legislativa popular” do estado de gastos do exercicio 2018.

Tendo en conta que se ben o importe ao que ascende o resarcimento é inferior ao dun contrato menor, tratase dunha subvención cuxa autorización e disposición non se tramita previamente e na que conflúe ademais a necesidade da autorización de resarcimento a unha entidade diferente da comisión promotora, motivo polo que, ao abeiro do artigo 3.2. h) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, sométese á Mesa do Parlamento autorizar, dispor, aprobar e ordenar o pago do resarcimento de gastos por importe de 5.316,32€ á ASOCIACIÓN GALEGA DE PAIS E NAIS SEPARADOS con CIF G- 15483365, vinculada á dita proposición de lei da iniciativa popular.

Visto o informe favorable da Intervención da Cámara.

A Mesa, ao abeiro do disposto no art. 14 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá e no art. 3.2.h) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte ACORDO:

1º) Autorizar, dispoñer, aprobar e ordenar o pago do resarcimento de gastos por importe de 5.316,32€ á *Asociación Galega de Pais e Nais Separados*, vinculada á Proposición de lei de iniciativa popular sobre corresponsabilidade parental e relacións familiares no cese da convivencia.

O gasto imputarase á partida orzamentaria 01.01.111B.481.04 “subvención de iniciativa legislativa popular” do estado de gastos do exercicio 2018.

2º) Notificarlles este acordo á citada asociación e á representación da Comisión promotora, e remitirlles o informe de fiscalización da Intervención da Cámara.

3.º) Comunicarlle este acordo á Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Asinado dixitalmente por:

**Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 19/06/2018
12:35:59**

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 04/07/2018 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da **AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA**, á sazón D. Samuel Lago Fernandez, para acadar cofinanciamento para os gastos derivados de parte do evento conmemorativo por mor do **Centenario da Coral de Ruada** cun custe que indican de 4.420,00€, e que se desenvolverá dende o 05/10/2018 en diante.

A entidade completa a documentación con:

- Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante
- memoria explicativa da actividade total e orzamento de gastos a subvencionar
- Declaración da non solicitude nin obtención para esta actividade concreta doutras achegas e co compromiso de comunicar a obtención, de se-lo caso, doutras axudas, financiándose con fondos propios
- Declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia
- Certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expediuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.05 "Outros convenios/achegas a institucións sen fins de lucro".

Consta memoria xustificativa da actividade emitida o 16/10/2018 polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verificase a confluencia de razóns de interese cultural na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Fiscalizado pola Intervención o 17/10/2018.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período sinalado, cun **máximo de 3.536,00€** de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, considerase de interese participar no proxecto.

A entidade solicitante fundouse o 05/10/1918 e dende aquela ten efectuado actuacións que lle dan o valor de ser unha respectada institución cultural non só en Ourense, onde naceu, senón que forma parte dalgún xeito do patrimonio intanxible de Galicia, con premios que recoñecen a súa aportación cultural e continuidade das tradicións musicais como a Medalla Castelao o a Medalla Galicia, entre outros.



Presentan un programa das actuacións que van a levar a cabo para conmemorar o seu centenario, e solicitan a este Parlamento unha axuda para afrontar gastos de medios materiais para o evento.

Polo exposto, estímase concorrente o interese cultural de subvencionar este evento.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación que se pretende subvencionar que se desenvolve no exercicio 2018, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Non consta ningunha outra achega ou subvención concedida a esta entidade.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os gastos de material para a actividade proposta pola entidade, por mor da celebración do seu centenario en outubro 2018 en diante.

Con carácter xeral, a normativa determina que son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables. Ademais deben respostar a gastos imprescindibles para a actividade.

Concretamente, segundo a proxección achegada aquí consistiran en: gastos de deseño de logotipo, os soportes, deseño e colocación de 5 bandeiras do evento en diferentes edificios e aluguer de expositores.

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 3.536,00€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade haberá de xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos uns 4.420,00€).

De resultar finalmente inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade comprométese a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia segundo consta na documentación.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa deberá presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia con data límite o 14/12/2018 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada.
- Os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social.
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia.
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedera e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que estan subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.481.05 do estado de gastos do exercizo 2018. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que o **prazo para presentar a xustificación remata o 14/12/2018** e trasladarlllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida á **AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA**

Por Resolución da Presidencia do 19/10/2018, concedeuse unha subvención por un máximo de 3.536 euros á **AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA**, para acadar cofinanciamento para os gastos derivados de parte do evento conmemorativo por mor do **Centenario da Coral de Ruada** cun custe que indican de 4.420,00€, e que se desenvolverá dende o 05/10/2018 en diante.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total acreditado supera os 4.420,00€.

Fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 21/12/2018.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, **RESOLVO:**

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 3.536,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, a 21 de decembro de 2018.

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira